



Concello de Cuntis

BASES DO CONCURSO “SORTEO POR COMPRA”

1-OBXECTO DA PROMOCIÓN. O Concello de Cuntis e o Comercio Local, organizará unha promoción “Sorteo por Compra” co obxectivo de incentivar as compras nos comercios de Cuntis.

2- DURACIÓN E LUGAR DA PROMOCIÓN. A promoción levarase a cabo en Cuntis. O período da promoción comprenderá desde a aprobación destas bases ata o 28 de febreiro do 2020.

3.- COMPROMISO DE ADHESIÓN. Tódolos comercios que queiran participar nesta campaña deberán asinar un compromiso de adhesión co Concello segundo Axexo I.

3- PERSOAS LEXITIMADAS. Poderá participar na promoción calquera persoa que realice unha compra por importe igual ou superior a 20 euros nun comercio de Cuntis adherido a esta campaña. Quedan excluídas todas aquelas persoas vinculadas á organización da Campaña así como os comerciantes adheridos e os seus familiares directos.

4- PREMIO. Será un único premio que consistirá en:

UNHA VIAXE A MALLORCA para 2 persoas ata o 16 de maio, valorado en 1.260,00 €.

Inclúe:

- Voo directo Santiago de Compostela / Palma de Mallorca e viceversa
- Maleta facturada por persoa de 20 kg + 10kg de equipaxe de man
- Asentos asignados
- Traslados en autobús do aeroporto ao hotel e viceversa (Subvencionado por Celtic Viajes)
- 7 noites en Hotel de catro estrelas en réxime de media pensión.

5- MECÁNICA E MODO DE PARTICIPACIÓN NA PROMOCIÓN:

5.1. Para participar no sorteo dos premios desenvolverase da seguinte maneira: Por cada compra igual o superior a 20€ realizada nos comercios adheridos á campaña, o comercio entregará un cupón no que o comprador cumprimentará os seus datos. Dito cupón deberá ter o nome e cuño do establecemento na parte posterior. Os cupóns cumprimentados depositaranse nunha urna ou caixa habilitada ao efecto en cada establecemento participante.



Concello de Cuntis

5.2 O sorteo realizarase o día da Festa do Lacón con Grelas, domingo 1 de marzo de 2020, na praza da Constitución, tralo Pregón e ante o público asistente. De entre tódolos cupóns extraeranse catro papeletas, a primeira correspondente á persoa premiada e as outras tres a suplentes. Desde o Concello establecerase contacto telefónico coa persoa agraciada. Se transcorridas 24 horas non se lograse establecer o contacto, pasarase á primeira persoa suplente, coa que se procederá de igual modo, de maneira que aquela persoa premiada coa que non se logre contactar será substituída polas suplentes na orde na que estas fosen extraídas.

6- ENTREGA DOS PREMIOS. O premio non poderá ser trocado por diñeiro.

7- LIMITACIÓNS. O Concello de Cuntis poderá descualificar a aquelas persoas gañadoras que facilitasen datos falsos ou incumpran estas bases, así como a aquelas que sexan familiares directos dos propietarios dos comercios nos que se realizara a compra.

8- PROTECCIÓN DE DATOS. Os datos subministrados polas persoas participantes serán tratados confidencialmente e recompilados nun ficheiro automatizado de datos de carácter persoal, sendo o Concello de Cuntis, titular e responsable de dito ficheiro, con domicilio social na praza da Constitución e cuxa finalidade será a xestión do presente sorteo e envío de información que puidese ser do seu interese. O Concello de Cuntis garante o cumprimento íntegro da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal no tratamento dos datos persoais recollidos no presente SORTEO, en especial polo que se refire á atención do exercicio dos dereitos de información, acceso, rectificación, oposición e cancelación de datos persoais dos concursantes.

9- ACEPTACIÓN DAS BASES. A participación no Sorteo, supón a aceptación das presentes bases para o concurso.